

SAIDA

## INSTRUCCIÓN 4/2008 DA SECRETARÍA XERAL SOBRE PROCEDEMENTO PARA CERTIFICACIÓN DAS MEMORIAS DE LICENCIATURA PARA O PROGRAMA ACADEMIA

Na guía de axuda da ANECA para o programa ACADEMIA solicítase no punto 2.A.3 que, no caso de Memorias de licenciatura (tesañas), se indique o título do traballo, o alumno, a nota e a convocatoria.

Tamén se indica que se require unha certificación do Centro.

Para poder certificar estes datos é necesario ter o acordo polo que se nomea director/a e despois acudir aos expedientes persoais dos alumnos e certificar estes contidos.

Dado que o solicitante non é o alumno, senón o profesor, estaríamos nun caso de cesión de datos sen consentimento do interesado, o que podería ser contrario á Lei de Protección de Datos.

Feita a consulta perante a ANECA entendemos que a mellor solución é que non figuren os datos persoais dos alumnos e simplemente figuren as iniciais dos mesmos.

Por outra banda, e dado que os datos do director/a da memoria de licenciatura non figuran no expediente do alumno/a se precisa a intervención do Centro.

Polo anteriormente exposto, esta Secretaría Xeral dita a seguinte

### INSTRUCCIÓN

O procedemento para solicitar esta certificación sería:

- O profesor ou profesora solicita no seu centro a certificación indicando o nome do alumno/a que dirixiu e a convocatoria
- O centro, a través Unidade de Apoio á Xestión, accede aos expedientes dos alumnos e comproba a información sobre o título do traballo, o alumno/a, a nota e a convocatoria.
- No caso de que estes datos non figuren na aplicación informática solicita esta información ao Servizo de Xestión Académica que no seu caso deberá solicitala ao Arquivo Histórico.
- Coa información obtida fai unha certificación co título do traballo, as iniciais do alumno, a nota e a convocatoria.

A certificación asinarase polo secretario/a do centro co visto e praxe do decano/a ou director/a e remitirase ao solicitante.



Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2008

A Secretaria Xeral,



Isabel García-Rodeja Gayoso

SR. VICERREITOR DE OFERTA DOCENTE E ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR – SR. VICEXERENTE DA ÁREA ACADÉMICA – SRES./AS. DECANOS/AS E DIRECTORES DE CENTROS – SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA – SR. DIRECTOR DA ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS – SRA. RESPONSABLE DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA - SRA. XEFA DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA – SRES./AS. XEFES/AS DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA – SRA. XEFA DA OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓNS E MELLORA DO PROCEDEMENTO.